

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/08/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

ROSA M.^a OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 12/08/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05 de agosto de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/2857

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Teresa Lorenzo Penedo, en representación da Escola oficial de Idiomas de Vilagarcía, en relación co deficiente estado das sinalizacións horizontais e verticais, así como os estacionamentos nas inmediacións do Centro.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda:

- O repintado da sinalización horizontal da Rúa Entrante e Rúa Londres.
- O pintado de zig zag amarelo na Avda. Agustín Romero (carril dereito sentido Vilagarcía centro a Cornazo), entre o semáforo con cámaras e da regulación do tráfico, para facilitar o acceso libre para os vehículos procedentes da Rúa Limoeiro e Cornazo sentido descendente, que pretendan o xiro cara Rúa Entrante, evitando deste xeito o seu obstáculos.

En relación coa sinalización vertical de entrada e saída da Rúa Entrante atópase en bo estado e perfectamente ubicada e visible.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2024/2978

Dáse conta do escrito presentado por D. Rodrigo Abalo Ramos, solicitado a colocación de sinal de "rua sen saída" ó comezo da Rúa Viña Grande, en Rubiáns.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a instalación de sinal S-15A "Rúa sen saída" na confluencia de Rúa de Rubiáns de Arriba con Rúa Viña Grande.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2024/2979

Dáse conta de escrito presentado por D. Iván Navazas Santos dando queixa polo estacionamento

de vehículos que obstaculizan a entrada e saída do vao permanente situado na Avda. Doutor Tourón nº 36, e solicitando a solución do problema.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que se comprobaron os feitos denunciados, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a reforzar o repintado do vao co fin de evitar os estacionamentos indebidos de vehículos, sen instalación de ningún tipo de pivote que delimite o acceso ao vao.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2024/2980

Dáse conta de escrito presentado por Dona Juana M^a Maneiro Crespo solicitando o pintado de liña amarela enfrente do garaxe existente en Tv. Xalda nº 5, Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a entrada do vao, de 2,30 m. atópase ben sinalizada con placa municipal, rebaxe de beirarrúa e bordo amarelo a ámbolos dous lados (1 m. aproximadamente), como os outros vaos existentes na rúa. Así mesmo a rúa ten un ancho de 7 metros sen ningún tripo de marca viaria á altura do nº 5 e que estacionando vehículos a ambos dous lados da rúa queda un ancho practicable de 3 m. , non estimando necesario o pintado da outra marxe.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado pola Sra. Maneiro Crespo.

PRP2024/2982

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Gabin Sanchez solicitando que o Concello requira á compañía de telecomunicacións para a retirada ou traslado do poste situado en Rúa Vandorra nº 5, ao considerar que supón perigo para a circulación viaria ao non atoparse debidamente sinalizado. Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á empresa titular do mesmo para que proceda a súa reubicación nun lugar máis axeitado.

PRP2024/2983

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades, en representación da Comunidade de Propietarios CP Fantasio, na Rúa Arcebispo Lago 13, solicitando a instalación dun espello na beirarrúa de enfrente para mellorar a visibilidade na intersección coa Av. Rosalía de Castro (á altura do nº 107-109), dado que a visibilidade é moi reducida, véndose agravada na actualidade coa nova localización dos colectores de lixo.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a colocación do espello solicitado.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (sinalización).

PRP2024/2984

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación de Veciños de Faxilde, no que solicitan que se cumpra co acordado na reunión entre representantes da Asociación e do Concello para a colocación dunha baranda de seguridade na subida a San Antonio, así como a instalación dun badén nas inmediacións do Colexio de Faxilde que cubra a intersección das Rúas Cultura e San Martiño.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación da baranda solicitada.

En relación coa instalación de badéns se terá en conta no desenvolvemento do próximo proxecto

de regulación de seguridade vial.

Dar conta á Xerencia de Urbanismo e Servizo Municipal de Obras.

PRP2024/2985

Dáse conta do escrito presentado por D. José Rafael Lorenzo Torrado solicitando a sinalización con liña amarela al longo do muro no lugar de Rúa Arealonga, dado que estacionan vehículos pegados ao mesmo, dificultando o acceso aos colectores de lixo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que postos en contacto co interesado se lle informou que sería conveniente que solicitara vao permanente para acceder á súa propiedade, para dese xeito, unha vez concedido poder ampliarlle a liña amarela do lado esquerdo e facilitar tanto a visibilidade como o acceso aos colectores e contadores de servizos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberá solicitar o vao permanente, de conformidade co informe da Policía Local.

PRP2024/3016

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa ampliación do horario no que os vehículos de recollida de lixo, cartón, plásticos, etc. poden circular en sentido contrario pola Avda. da mariña, no tramo da Peixería, no que indican que se considera mellor opción invertir o sentido nese tramo de rúa, para os vehículos autorizados, colocando sinal de circulación prohibida no lugar no que agora hai o sinal de prohibida a circulación de vehículos de motor, é dicir intercambiar os sinais e con iso invertir o sentido para a circulación de vehículos autorizados.

O sentido no que se utiliza a día de hoxe esta rúa e, unicamente favorecedor para o uso diario do servizo de bus urbano, o resto dos vehículos que circulan por alí, maioritariamente emprégano para atallar percorridos sen ir a garaxes, (nese tramo de rúa non hai, nin carga e descarga). É unha rúa de preferencia peonil, na que non se permite estacionar nin circular agás excepcións autorizadas. Polo exposto o autobús e en todo caso as tarefas de carga e descarga ou acceso ó Hotel Vilagarcía poderían facelo cun breve desprazamento, pasando pola rotonda da Rúa Valle Inclán/Rivero de Aguilar e posteriormente acceso a Doutor Carús de ser o seu destino.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e da a súa conformidade ao informe da Policía Local. Dar conta a URBASER, Empresa concesionaria do Servizo de Recollida de Lixo.

PRP2024/3083

Dáse conta de escrito presentado por D. Manuel Alberto Fariña Bóveda denunciando a situación de abandono e deficiencias da Estación de Autobuses de Vilagarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a queixa á Xunta de Galicia, por ser a titular das instalacións.

PRP2024/3035

Dáse conta de informe do Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil dando conta da realización de simulacros de evacuación e charlas de primeiros auxilios que se levaron a cabo no pasado curso académico 2023-2024 nos centros educativos deste Concello que o solicitaron en base ao recollido na cláusula primeira do convenio de colaboración suscrito entre o Concello e a Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil:

- CEIP Plurilingüe de Rubiáns.
- CEIP de Vilaxoán.
- CEIP A Escardia.

- CEIP O Piñeiriño
- EEI Bamio.
- Colexio de Educación Especial.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/2989

Dáse conta de escrito presentado por Dona Eva Serén Charlin de queixas pola velocidade coa que circulan os vehículos pola Avda. Agustín Romero e solicitando a adopción de medidas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que se trata dun tramo de circulación limitado a 50 km/hora, sendo o organismo titular do citado vial a Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar á Xunta de Galicia (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) a instalación de badéns co fin de reducir a velocidade dos vehículos que circulan polo citado vial.

PRP2024/2990

Dáse conta de escrito presentado pola Asociación Veciñal Outeiro de Sobradelo, no que solicitan a instalación na Rúa Pedras de elementos redutores de velocidade.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que se terá en conta no desenvolvemento do próximo proxecto de regulación de seguridade vial.

Dar conta á Xerencia de Urbanismo.

PRP2024/3014

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rita Vidal Mouriño (AMARCARRIL), solicitando autorización para instalar unha carpa na Praza da Liberdade de Carril, o día 11 de agosto de 2024, en horario de 9:00 a 21:00 horas.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3087

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de English 4 People SL, en relación coa celebración da festa de inicio de curso na zona Tir o día 7 de setembro de 2024, en horario de 9:00a 15:00 horas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que deberán solicitar autorización á Autoridade Portuaria, por ser a titular dos terreos nos que se pretende realizar o evento.

PRP2024/3088

Dáse conta de escrito presentado por Dona Inmaculada García Bouzas denunciando o estacionamento de vehículos en Rúa A Rosa, Carril, que dificultan o acceso á Rúa Rosa 4, dado que impiden a circulación polo citado vial e solicita o pintado de liña amarela no paso lateral.

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que non procede a sinalización solicitada, e en caso de producirse a obstaculización da circulación no citado vial, que a interesada proceda a avisar ao servizo municipal da Policía Local para subsanar dita infracción.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3078

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa IDDUN CONSULTING AROUSA SL para a impartición do curso de formación obrigatorio para a brigada de prevención e extinción de incendios forestais, por un importe total de 1.315,00 € (IVE exento), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3079

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PEYCAR PONTEVEDRA SL para o subministro de vestiario e EPIs para o persoal da Brigada de Prevención e extinción de incendios forestais, por un importe total de 5.556,92 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22104. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3077

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias ante a obriga do cumprimento das diferentes normativas en materia de autoprotección e emerxencias que fan precisa a elaboración do Plan de Autoprotección da Festa da Auga 2024, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PIXELING SL, para a redacción do PAU da Festa da Auga 2024 e asesoramento en todo o relativo ó plan así como a implantación do mesmo, por un importe total de 4.767,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3133

Tendo en conta o estado no que se atopa a balaustrada da Rúa Valentín Viqueira, a Xunta de Goberno Local acorda requirir á Entidade Portos de Galicia, titular da citada rúa que rodea o bordo marítimo da zona centro de Carril, para que proceda ao pintado da balaustrada, así como á reposición do tramo da mesma que se atopa caída no Porto de Carril.

BENESTAR SOCIAL**BENESTAR SOCIAL****PRP2024/3046**

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 2º trimestre do ano 2024.

- Mes de abril: 57.956,64 €
- Mes de maio: 56.999,25 €
- Mes de xuño: 57.759,57 €
- Regularizacións período 01/01/2024-31/03/2024: 1.581,05 €
- Total nómina neta 2º trimestre: 171.134,41 €
- Total devengado: 171.134,41 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2024/2999

Dase conta da non concesión de subvención solicitada para a posta en marcha do Obradoiro de Emprego para a mocidade LABORA XOVE 2024 do Concello de Vilagarcía solicitada o 29 /03/2024. As especialidades formativas con certificado de profesionalidade do Programa de Formación e Emprego OBRADOIRO DE EMPREGO LABORA XOVE 202 4 CONCELLO DE VILAGARCÍA que solicitáronse para súa aprobación son as seguintes:

- SOCORRISMO ACUÁTICO: Certificados de profesionalidade NIVEL 2 AFDP0209/AFDP0109
- INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES:
- Certificado de profesionalidade NIVEL 2 AGAO0208
- Módulo profesional Realización de composición con prantas MF1470_2

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3048

Dáse conta da autorización de cambios sen necesidade de modificar a resolución de concesión de axudas para o apoio de mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización.

Solicitada ao Ministerio, autorización para destinar o remanente da instalación de placas fotovoltaicas na praza da verdura de Vilagarcía, a instalación fotovoltaica para consumo colectivo na praza de abastos de Vilaxoán, por parte do Ministerio, autorízase dito investimento, nos termos seguintes:

En relación con su solicitud de fecha 26 de julio de 2024 de modificación de la Resolución de Concesión, y vista la información presentada a este departamento, se le comunica la aceptación de la modificación planteada, si bien esta modificación no hace necesario formular una resolución de modificación de concesión al no alterarse las condiciones técnico-económicas recogidas en la Resolución de Concesión ni los objetivos de la inversión.

Recuerde incluir en la memoria técnico-económica, en el momento de la justificación, una explicación detallada de la modificación aceptada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3065

Dáse conta da Orde de 9 de xullo de 2024 (DOG 19 de agosto de 2024) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para o impulso da Rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2024.

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto as seguintes actuacións en mercados e prazas de abastos de Galicia que teñan concedido o selo de Mercado Excelente:

- a) O acondicionamento das instalacións: mellora da imaxe, instalación de sistemas de climatización,

instalación de sistemas de illamento térmico e/ou acústico que reduza o impacto de rúidos e establecemento de sistemas de recollida de auga.

b) A creación e/ou mellora de servizos para a clientela: servizo de carros da compra, adecuación e/ou creación de zonas de descanso tales como espazos infantís, salas de lactación e outros, creación dun servizo de repartición a domicilio con «personal maker» e instalación de consigna frigorífica e de servizo de cociñado de produtos.

c) A creación e/ou mellora doutros servizos: instalación de pantallas de información, servizo automático de quenda, planos de situación do edificio «vostede está aquí» e rede Wifi.

d) A loxística e comercialización dos produtos: creación dun packaging sustentable propio do mercado adecuado ás características específicas dos produtos, incluídos os sistemas de envasado ao baleiro.

e) A creación ou mellora de aparcadoiros para vehículos e/ou bicicletas, sempre que sexan contiguos ás instalacións do mercado ou praza de abastos.

f) As actuacións de conservación, mantemento, reposición e mellora das instalacións e dos equipamentos.

g) A adquisición de equipamento persoal dos/das praceiros/as coa imaxe común e corporativa do mercado, cun investimento máximo subvencionable de 6.000,00 €.

h) As actuacións formativas e de asesoramento dirixidas ao mentoring comercial, ao aumento da rendibilidade do punto de venda a través de técnicas de «visual merchandising», á colocación do produto e á atención á clientela, cun investimento máximo subvencionable de 5.000,00 €. Estas actuacións deberán recollerse nun proxecto que, en todo caso, concretará o número de horas, os obxectivos e os indicadores para a súa medición.

De acordo co establecido no artigo 4 da Orde reguladora de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2024, proponse a realización das accións que se desagregan no seguinte cadro :

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS

CONCEPTO	EXPEDIDOR	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL	DATA INICIO	DATA FIN
Packaging propio sustentable	SERILUA S.L	14.998,48	3.149,68	18.148,16	Outubro 2024	Outubro 2024
Formación praceiros	MAS VALOR, estrategia y diseño de experiencias S.L.U.	4.400,00	924	5.324,00	Outubro 2024	Outubro 2024
Adquisición equipo frío industrial, praza de Vilaxóan	ISIDRO FERNÁNDEZ PORTAS	25.880,00	5.434,80	31.314,80	Xullo 2024	Setembro 2024
Adquisición máquina de xeo para praza de abastos de Vilagarcía	ISIDRO FERNÁNDEZ PORTAS	8.855,00	1.859,55	10.714,55	Setembro 2024	Outubro 2024

CUSTO TOTAL DAS ACTUACIÓNS: 65.501,51 (IVE INCLUIDO)

TOTAL CONTÍA DA AXUDA SOLICITADA (80%): 52.401,21 €

APORTACIÓN MUNICIPAL (20%): 13.100,30 €

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e para a Dinamización e Revitalización das prazas de abastos para o 2024, por contía de 52.401,21 € (equivalente ao 80% do custo das actuacións), e unha aportación municipal de 13.100,30 € (equivalente ao 20% do custo das actuacións), segundo a desagregación especificada no cadro-orzamento desagregado de gastos, con cargo áá partida orzamentaria 912.22601.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/3063

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de 880 vasos reutilizables para o reparto durante a celebración do Festival Ameixa Rock á Empresa DISTRILEMA QUÍMICOS SL, por un importe total de 659,23 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3052

No DOG do 14 de xuño de 2023 publicase da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Orde de 1 de xuño de 2023 pola que establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024. Código de procedemento MT975P.

O artigo 1 da mencionada Orde establece que esta convocatoria de subvencións inclúe dúas liñas subvencionables:

a) Liña 1. Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia).

b) Liña 2. Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ).

Dáse conta da resolución de concesión do pagamento anticipado de dita axuda en ambas as liñas, 1 e 2. Recibindo resolución de concesión con data do 1 de agosto de 2024:

- Liña 1, acordou a concesión do pago anticipado por importe de 138.852,00 € para a anualidade 2024.

- Liña 2, acordou a concesión do pago anticipado por importe de 14.040,00 € para a anualidade 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3034

Na actualidade o bombeo situado na rúa da Granxa do Campanario en Bamio atópase en mal estado, ten unha antigüidade superior a vinte anos e algúns dos seus elementos están desfeitos o que provoca que o seu funcionamento non sexa o axeitado.

Os tubos guía están estragados pola corrosión, dispón dunha única bomba que presenta problemas de desgaste, así como o pedestal no que se apoia. O fondo do pozo de bombeo ten un formigón moi pobre e con escaso espesor polo que sofre moitas filtracións de auga de pluviais o que contribúe á súa saturación.

Para paliar esta situación propónse a realización dunhas obras necesarias para a reforma do pozo de bombeo co obxecto de conseguir unha maior fiabilidade do servizo, aumentar a facilidade do mantemento, reducir o consumo por achegas de augas pluviais e substituír os equipos de impulsión esnaquizados.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- .- Aprobar o proxecto "Mellora do pozo de bombeo Rúa da Granxa - Bamio".

2.- Dar conta ao Departamento de contratación para que, o máis axiña posible, inicie o procedemento de licitación.

TURISMO

PRP2024/3059

A Confraría dos Viño Rías Baixas vai celebrar na nosa cidade, os días 18, 19 e 20 de agosto, o seu Grande Capítulo, co que pretenden facer un evento turístico e cultural, ensalzando os Viños Rías Baixas e as Festas de San Roque, contando coa participación de varias confrarías vínico-gastronómicas chegadas de distintos puntos xeográficos e ata un total de 180 persoas.

A celebración deste evento en Vilagarcía contribúe, sen dúbida, á promoción turística de Vilagarcía. O día 17 de agosto terá lugar o desfile por Vilagarcía que rematará no Salón García. Arousa TV levará a cabo un audiovisual deste evento.

O día 19 de agosto, pretenden visitar o Pazo de Rubiáns e cenar na Tapería Casablanca, e solicitan ao concello que asuma unha parte deses gastos.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, por un importe total de 1.849,91 €, con cargo á partida 432.22601:

- DIEGO ALCAINE TORES - AROUSA TV: Foto e vídeo resumo do día 17 de agosto, por un importe de 605 € (IVE incluído).
- PAZO DE RUBIANES SL: visita guiada de 30 persoas, por un importe de 569,91 € (IVE incluído)
- MAICA BLANCO GUIMAREY - TAPERÍA CASABLANCA: cea para 30 persoas o 19 de agosto, por importe de 750 € (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3076

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de 17.000 vasos reutilizables de diferentes tamaños para a Festa da Auga, á Empresa DISTRILEMA QUÍMICOS, SL, por un importe total de 3.944,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.22199, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/3029

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da actividade denominada "Noite Meiga 2024", o día 31 de agosto de 2024, cun orzamento estimativo de 6.896,75 €, con cargo á partida 338.22609, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE
NOR IBÉRICA DE BEBIDAS S.L.	B32309817	Subministro de augardente	4.312,44€
ALFARERIA ALTO DO COUSO S.L.	B32199887	Subministro de material (pozos, cuncas queimada, cazos)	1.468,31€
CONFITERÍA ANCLA S.L.	B36104180	Subministro Rosquillas	666,00 €
COMPRA DE MAATERIAL PARA PREPARACIÓN QUEIMADA e PALLOZAS (café, azúcar, servilletas, manteis...)			450,00€* (estimativo)
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	6.896,75€

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3043

O vindeiro día 1 de setembro, celébrase unha nova edición (8ª) do Festival Folk no Aobre, no Castro Aobre, uns dos sitios arqueolóxicos máis emblemático da nosa ría, zona recentemente restaurada e habilitada. Debido ó seu emprazamento, este castro forma parte da propia historia da Arqueoloxía galega, vinculado á evolución histórica, e o desenvolvemento urbano de Vilagarcía de Arousa, sendo obxecto de estudo, no pasado século.

As actividades previstas son:

Visitas guiadas polo Castro e Parque Enrique Valdés Bermejo

Obradoiros

Xantar para todos que queiran participar no mesmo.

Actuacións de música a cargo de:

- A Tropa de Trapo
- A.C. NÓS de Sobradelo
- Bailai Malditos
- Os Carunchos
- Os d'abaixo.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación da xestión, e execución do 8ª edición Festival Folk no Aobre a Asociación Pésdebarro por importe de 14.936,50€, con cargo á partida 338.22609.

Será a cargo do Concello de Vilagarcía calquera tipo de taxa, imposto, sociedade xeral de autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro que puidese corresponder por dito evento. , así como Decreto 226/2022, do 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos, en todo aquilo que puidese concernir a este evento/ actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2024/3019

Por Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Consellería de Medio Rural), concedeuse subvención, con cargo ao Plan de Mellora de camiños municipais 2024-2025, para o investimento "Mellora de camiño na rúa Canto en Sobrán". Nas bases que rexen a convocatoria e subvención obrígase a realizar un control de calidade das citadas obras.

Presentáronse as seguintes ofertas:

- Estabiliza Geotecnia SL: 2.600,00 € (sen IVE).
- Eurotec Inspección y Control SLU: 1.873,00 € (sen IVE)
- aaa. Tripletec S.L.: 2925,00 € (sen IVE)

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Medio Rural, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os servizos de Asistencia técnica para o control de calidade da obra Mellora de Camiño na Rúa Canto en Sobrán á Empresa Eurotec Inspección y Control SLU, por un importe de 1.873,00 € (sen IVE), dando un total de 2.266,33 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640, por ser a oferta máis vantaxosa para o Concello

PRP2024/3042

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de novembro de 2023, adxudicouse á empresa MONCOSA OHS, S.A. o contrato de obras denominado "Humanización da rúa Aquilino Iglesia Alvariño" por un importe de 143.742,80€ (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 30.185,99€,

o que totaliza un importe de 173.928,79€ (IVE engadido), cofinanciadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, anualidade 2022.

O contrato administrativo foi asinado con data 1 de decembro de 2023, cun prazo de execución da obra de 4 meses, contado a partir da sinatura da acta de comprobación que foi asinada o 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución de Alcaldía, de data 3 de maio de 2024, autorizouse unha primeira ampliación do prazo de execución do contrato por un prazo de 42 días, ata o 14 de xuño de 2024 e unha segunda ata o 14 de agosto de 2024, por Resolución da Alcaldía do 13 de xuño de 2024.

Con data 2 de agosto de 2024 (registro WEB2024005429), don Serafín Piñeiro Camiña, en representación da empresa adxudicataria MONCOSA OHS, presenta escrito solicitando ampliación de prazo de execución por 2 meses, coa conformidade da arquitecta dona Lucía Araujo Castiñeiras, en calidade de directora da obra de referencia.

Dáse conta do Informe xurídico emitido, no que se indica:

O prazo de execución atopábase fixado no contrato asinado en 4 meses, a contar dende a data de sinatura da acta de comprobación, que fora ampliado por 42 días, polo que finalizando o 14 de xuño de 2024 e ampliado unha segunda vez ata o 14 de agosto de 2024.

A obra atópase cofinanciada pola Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras y Servicios (Plan Concellos 2022/2023 -anualidade 2022-), tendo como prazo final de execución o 30 de setembro de 2024 e de xustificación o 31 de outubro de 2024 (Boletín Oficial da Provincia número 229, do 28 de novembro de 2023); polo que de autorizarse a ampliación do prazo de execución, tal e como o solicita o adxudicatario do contrato (ata o 14 de outubro de 2024), incumpriríase co prazo máximo de remate dos traballos establecido pola Deputación Provincial.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e a conformidade da directora de obra, de autorizarse a ampliación do prazo de execución solicitado, aos efectos de non por en perigo a cofinanciación do investimento pola Deputación Provincial, este non pode ser superior ao 30 de setembro de 2024.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a MONCOSA OHS SA unha ampliación do prazo de execución ata o 30 de setembro de 2024.

PRP2024/3061

Os servizos municipais de Parques e Xardíns, que fan o coidado e mantemento das áreas verdes municipais, detectaron un importante deterioro nas bases da pérgola sita no Parque da COCA, o que compromete a seguridade e estabilidade da mesma.

É necesaria a reparación desta pérgola, sita no Parque da COCA, ante o mal estado da mesma provocado polo paso do tempo, así como polas abundantes precipitacións que van afectando á madeira.

Tendo en conta que se trata dunha zona pública, de espaxamento de veciñas e veciños, e especialmente, zona de xogo de nenas e nenos; faise imprescindible a execución dunha actuación para reparar a pérgola e garantir así a seguridade da estrutura e que esta zona sexa accesible e segura para o seu uso por toda a cidadanía.

Por todo o anteriormente exposto, o concello de Vilagarcía de Arousa, co obxectivo de enmendar as deficiencias descritas, contempla unha solución que pasa pola reparación desta pérgola, para o que é necesario redactar o correspondente proxecto técnico.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos de “Redacción do proxecto e dirección da obra Reparación da pérgola do Parque da COCA” á mercantil JH-ARKMO.SA (CIF A-36479319)

por importe de 1.500,00 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 315,00 €, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 1815,00 €, con cargo á partida 150.640.

PRP2024/3080

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, de data 2 de agosto de 2024, no que se acorda:

Autorizar o proxecto modificado da obra “Mellora de accesibilidade ao centro de formación de Matosinhos” Expte.2023006357), aos efectos de que o investimento incluído no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, poida ser executado nos termos establecidos polo Concello. O proxecto modificado non altera a finalidade da subvención nin afecta a calidade do proxectado, pero supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto orixinal do 6,74%.

Autorizar que a baixa de adxudicación na parte imputable á Deputación, que ascende a 12.007,02 €, se aplique no financiamento do devandito proxecto modificado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3093

En febreiro de 1994 o concello de Vilagarcía de Arousa convocou un concurso para a selección de artistas e/ou propostas plásticas de intervención que se ubicarían no pavimentos das rúas Valentín Viqueira e Juan García, co obxectivo de continuar coa ornamentación artística nas rúas iniciadas un ano antes na Baldosa.

Entre as propostas achegadas a de D. Víctor Rúa Carril resultou seleccionada polo xurado, colocándose na rúa Valentín Viqueira na zona da Alameda.

O paso do tempo e o tránsito eventual de distintos vehículos pola zona foron deteriorando o mosaico e o firma da rúa, polo que agora é un perigo para o tránsito peonil.

Este concello ten acordado con don Víctor Rúa a necesidade de retirar a peza artística e colocar unhas lousas de pedra tipo país co obxecto de garantir a seguridade na zona.

Vista a proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de “Reposición de lousas de granito na rúa Valentín Viqueira” á mercantil Montajes J.M. Iglesias, S.L. (B36130649) por importe de 12.171,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.556,10€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE engadido) de 14.728,00€, con cargo á partida 1530.210.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/3090

Vista a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220240011497 por importe de 6.200,00€ para GASTOS CELEBRACIÓN VII EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS aprobada pola Xunta de Goberno Local de 03/06/2024, presentados pola habilitada LUZ M^a ABALO PÉREZ

Vista a fiscalización da Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220240011497 importe de 6.200,00€ para para GASTOS CELEBRACIÓN VII EDICIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLAS, co seguinte detalle:

Nº REX	Fecha	Nº FRA.	IMPORTE	Nome	Texto Explicativo
J/2024/1 24	30/07/20 24	000-768	833,48	JONES GIMENEZ, WALTER JAVIER	SERVICIO AEROPUERTOS A PAZO GOLPELEIRA
J/2024/1	30/07/20	A 6252	170,30	MALPARIDOS, S.L.U.	SERVICIOS CATERING (CON CARGO A PROVISION DE

25	24				FONDOS DO FESTIVAL CLASCLAS)
J/2024/1 26	31/07/20 24	73222	110,00	SEIJO SÁNCHEZ, JOSÉ RAMÓN	TAXI AEROPUERTO SANTIAGO A HOTEL ALDA EN VILAGARCÍA
J/2024/1 30	31/07/20 24	Emit- 4	600,00	HOSTELERÍA MAR & MAR, S.C.	SERVICIO DE MENUS DEL DIA. FESTIVAL INTER. DE MÚSICA CLASCLÁS.
J/2024/1 31	31/07/20 24	2024/E0 1	400,00	VIDAL CARDALDA, FRANCISCO JAVIER	1 PINCHO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA. FESTIVAL INTERNACIONAL DE MUSICA CLASCLÁS
J/2024/1 32	31/07/20 24	E 26	418,00	GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA	SERVICIO 20 PERSONAS CON CARGO A LA PROVISION DE FONDOS DEL FESTIVAL CLASCLÁS
J/2024/1 33	31/07/20 24	09/24	1.997,60	GRADÍN FROJÁN, MARÍA	REALIZACIÓN CATERING FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA CLASCLÁS
J/2024/1 34	31/07/20 24	B/76	44,21	RODRIGUEZ REY, LAURA	250 GR INF FRUTAS BRISA MED TRUCO. 250 GR TE NEGRO ASSAM HARMUTTY
J/2024/1 39	02/08/20 24	24 8	916,52	OS XOXES	MENUS
			5.490,11		

IMPORTE A XUSTIFICAR	6.200,00
TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS	5.490,11
DIFERENCIA REINTEGRADA	709,89
TOTAL XUSTIFICADO	6.200,00

PRP2024/3106

Visto o expediente de gasto INT/2024/357 integrado pola relación de xustificantes F/2024/91 por importe de 55.260,70€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2024/91 por importe de 55.260,70€ coa seguinte desagregación:

N° de Entrada	N° de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Económica	Nome	Texto Explicativo
F/2024/3 399	FAC2024 05	21/05/20 24	391,00	334	22609	ASOC. CUL. NOS	Actuación en Sobradelo polas Festas na Honra de San Cibrán o 20 de maio de 2024
F/2024/3 714	202402920	15/04/20 24	66,60	1530	22199	CASTROMAN I, S.L.	BRIDA NYLON 365X7,8 NEGRA / CINTA BALIZA SEÑALI.200M BLANCA/ROJA / METRO FLEXIBLE DE 10M / RETIRA DIEGO DIZ MEIXUS / ORD
F/2024/3 715	202402919	15/04/20 24	54,75	320	212	CASTROMAN I, S.L.	CERRADURA 5125-A DE 12 IZQDA. / IGUALAMIENTO / CANCELILLA ARENERO COLEGIO AREALONGA / RETIRADO POR MIGUEL MANEIRO / ORDE D
F/2024/3 732	202403359	30/04/20 24	235,30	323	212	CASTROMAN I, S.L.	CERROJO 300-R/80 PINTADO / REPARAR PUERTA GALIÑA AZUL VILAXOAN / RETIRADO POR MIGUEL MANEIRO / ORDE DE COMPRA N° 16271 /
F/2024/3 747	202404083	31/05/20 24	18,03	320	212	CASTROMAN I, S.L.	CIEN TORNILLO HEXAGONAL 571 A-2 06X040 INOX / CIEN TORNILLO BARRAQUE.HEX.571 05X040 ZINCADO / colegio a lomba / julio lo
F/2024/3 748	202404085	31/05/20 24	158,69	160	210	CASTROMAN I, S.L.	DURACELL PILA ALCAL PLUS AAA LR03 B8 10B / PILA CEGASA S.ALK LR6 4+2 / santi / ORDE DE COMPRA N° 8749 / RESPONSABLE DE C
F/2024/3 771	Emit- 11	11/06/20 24	4.934,38	320	212	CUMBRE CANALON, S.L.	COLEGIO LASCARDIAS (COLEGIO LASCARDIAS: Reparación e instalacións de canalones y bajantes de aluminio)
F/2024/3 784	Emit- 4386	31/05/20 24	275,64	132	22108	IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L.	DULITRAFIC TD RAL 6037 / PEDIDO CLIENTE N°:PLAZAS COCHE ELECTR. / SEÑALIZACION
F/2024/3 790	Emit- 4387	31/05/20 24	39,45	132	22108	IBERICA DE REVESTIMIENTOS GRUPO EMPRESARIAL, S.L.	SPORT PAINT SPORT PAIN VERDE / PEDIDO CLIENTE N°:SEÑALIZACION / SEÑALIZACION

F/2024/3 820	20240897	31/05/20 24	180,56	1530	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO CLIENTE / M/3 HM-20/P/20/IIa / GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO C
F/2024/3 821	20240896	31/05/20 24	451,38	160	213	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO CLIENTE / M/3 HM-20/P/20/IIa / GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO C
F/2024/3 822	20240895	31/05/20 24	604,18	160	213	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO CLIENTE / M/3 HM-20/P/20/IIa / GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO C
F/2024/3 823	20240894	31/05/20 24	688,59	1530	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	GESTION AMBIENTAL / M/3 HM- 20/B/10/IIa / GESTION AMBIENTAL / DESPLAZAMIENTO VEHICULO CLIENTE / M/3 HM-20/B/10/IIa
F/2024/3 824	20240783	31/05/20 24	452,66	454	210	ARIDOS DEL UMIA, S.A.	TN. 0/32 T-G SEGUN EN-13242:2003 + A1 :2007 - ZAHORRA / TN. 0/32 T-G SEGUN EN-13242:2003 + A1 :2007 - ZAHORRA / TN. 0/32
F/2024/3 825	FE24 109	14/06/20 24	802,03	454	210	MOVIM. DE ARIDOS Y CONST. DE AROSA, S.L.	EMULSIÓN TIPO C60B2 (TERMOAD.) ALBARÁN: 16894 / AGLOMERADO TIPO D12-RE20 ALBARÁN: 16918 / EMULSIÓN TIPO C60B2 (TERMOAD.)
F/2024/3 827	24 0000108	11/06/20 24	153,67	920	212	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra (Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 -- Intervención Xeral OG: LO1360600 -- Alcaldía – Pre
F/2024/3 829	Emit- 378	14/06/20 24	901,45	132	22108	BAÑOS PRINT, S.L.	ESPÁTULAS / SEÑALES GRANDES / VINILOS PEQUEÑOS / SEÑALES
F/2024/4 088	1192 241101936	14/06/20 24	2.028,72	132	22108	BAYGAR, S.L.	SEÑAL INFO/ORIENTACION 45x95cm N1-FLECHA / SEÑAL MOPU ESTACIONAMIENTO 60x60cm N1 / SEÑAL MOPU PARADA Y ESTACIONAMIENTO P
F/2024/4 189	Rect-Emit- 147	22/05/20 24	914,51	334	22609	VICTOR CORDO E HIJOS, S.L.	Rect. Emit- 147 / ROSCA (ROSCAS SERVIDAS NO CERTAME DOS MAIOS 2024)
F/2024/4 201	Cult- 2752024	17/06/20 24	17.242,50	334	22609	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Xestión e honorarios de programación de autores/as ""Vilagarcía, Cidade de Libro"" celebrada do 11 ao 16 de xuño. (Área
F/2024/4 202	Cult- 2742024	16/06/20 24	3.146,00	334	22609	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Realización do espectáculo ""Vicki e a felicidade"", a cargo da compañía Bandullo Azul, o día 15 de xuño de 2024, no Conce
F/2024/4 204	Emit- 16419	20/06/20 24	200,00	338	224	SVRNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA	SVRNE ACCIDENTES COLECTIVOS (POLIZA Nº 20240120335290 PRODUCTO SVRNE ACCIDENTES COLECTIVOS RECIBO Nº 2245601 EL SERVICI
F/2024/4 216	Emit- F246- 24	20/06/20 24	484,00	926	22602	GONZALEZ MIGUEZ, PURIFICACION	Campaña Publicidade Vilagarcía Cidade de Libro 2024
F/2024/4 221	F/24001441	30/04/20 24	70,99	334	212	PINTURAS ARMENTEROS S.L.	G30387 IDOLO PRO 100% ANTIMOHO 15 L / CULTURA (CASA DE CULTURA SOBRADELO)
F/2024/4 222	F/24001443	30/04/20 24	16,46	334	212	PINTURAS ARMENTEROS S.L.	E00547 DURACRIL LISO BASE TR 1 Lt. / CEYS TRI-ACTION BLISTER 20 Gr. REF.507219 / CULTURA (CASA DE CULTURA DE SOBRADELO)
F/2024/4 246	T24 1063	09/05/20 24	523,63	1720	214	AUTOS IBAÑEZ, S.A.	CAMBIO DE ACEITE Y FILTRO DE ACEITE / CAMBIO IZQUIERDO, SUSTITUIR MANGUITO RADIADOR LADO DER / ITV / TASA / 1 E149146
F/2024/4 256	0 24003373	20/06/20 24	136,00	1720	22199	SOBRINO G., S.A.	PERNERA SKAY GRANDE 110CM
F/2024/4 257	0 24003374	20/06/20 24	33,32	334	22199	SOBRINO G., S.A.	CUERDA DRIZA TRENZADA 3mm M / ALICATE DE CORTE 160MM EPLRD0621 / COLLARIN BLANCO 4,8 x 370 B/100 / COLLARIN N-4,8 x 370
F/2024/4 258	0 24003375	20/06/20 24	3,79	320	212	SOBRINO G., S.A.	PERNIO TORNEADO 16 x 100
F/2024/4	24 0000112	19/06/20	152,83	320	212	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra (Dir3 Concello de Vilagarcía

260		24					de Arousa OC: LO1360600 -- Intervención Xeral OG: LO1360600 -- Alcaldía – Pre
F/2024/4 261	24 0000113	19/06/20 24	829,94	3261	212	CUEVAS, S.L.	Mano de Obra (Dir3 Concello de Vilagarcía de Arousa OC: LO1360600 -- Intervención Xeral OG: LO1360600 -- Alcaldía – Pre
F/2024/4 262	Emit E2	29/05/20 24	1.620,00	2412	22799	ARREPIONS, C.B.	Curso Rescate en río, inundaciones y crecidas
F/2024/4 271	Emit- 267	11/06/20 24	147,33	1530	22199	TRITURADOS DO SAJAR, S.L.	PINONCILLO 4/8
F/2024/4 278	24 836	31/05/20 24	428,34	160	213	ALMACEN E FERROS AROUSA, S.L.	OBRA: REJILLA / Acero Corrugado B-500-SD Barra Ø6x6000 / Acero Corrugado B-500-SD Barra Ø8x6000 / Acero Corrugado B-500-
F/2024/4 279	V 20241090	31/05/20 24	317,50	1720	22199	MADERAS J. REDONDO, S.L.	PU-MAX CARTUCHO 340 ml / PINO ROJO DECK V TRATADO Y CEP.
F/2024/4 285	1192 241102135	28/06/20 24	5.363,93	1530	22108	BAYGAR, S.L.	VALLA PEATONAL EVENTOS SO 2000x1100mm GALVA/BARROTES CON CHAPA 400x210mm
F/2024/4 288	2024 06	28/06/20 24	150,00	334	22703	DIAZ CASAL, ANA BELEN	LIMPIEZA DE CASA DE CULTURA DE CORNAZO PARA O ANO 2024 PERTENCENTE O MES DE JUNIO, A RAZON DE 2 DIAS/SEMANA LUNS E XOVES
F/2024/4 850	24F0001	14/06/20 24	350,00	338	22609	ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	FESTAS SANTA RITA VILAGARCÍA DÍA 19 DE MAYO DE 2024
F/2024/4 874	A/18	17/06/20 24	4.936,80	334	22609	GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	ALQUILER DE EQUIPOS DE SONIDO Y LUCES NA PRAZA DA REPÚBLICA, PARQUE MIGUEL HERNÁNDEZ E ILLA DE CORTEGADA. ACTUACIONES E
F/2024/4 942	24 - 01	15/06/20 24	225,00	334	22609	GRUPO MOCEDADE DA TORRE 83	PASARRÚAS E PROCESIÓN GUILLÁN, O DÍA 15 DE XUÑO, POLA ROMERÍA DE SAN ANTONIO 2024
F/2024/4 943	003/2.024	15/06/20 24	335,00	334	22609	ASOC. CULTURAL CORAL AMENCER	IMPORTE POLA MISA CELEBRADA NA CAPELA DE SANTA MARÍA DE GUILLÁN O DÍA 15 DE XUÑO DE 2024 ÁS 13:00H
F/2024/4 946	003/2024	19/06/20 24	1.452,00	334	22637	RAÑO BUENO, JOSE E.	CONCERTO ""LIMIAR"" - XOSÉ DUARTE LETRAS GALEGAS 2024. LUGAR: O CARRIL, 17 DE MAIO DE 2024
F/2024/4 951	4/2024	19/06/20 24	1.500,00	334	22609	PEDREIRA BUJÁN, SUSANA	GUIÓN E CONDUCCIÓN DE CATRO ""CONVERSAS AO SOLPOR"" (11, 14, 15 E 16 DE XUÑO) DENTRO DA PROGRAMACIÓN CIDADE DE LIBRO 2024
F/2024/5 022	25	24/06/20 24	726,00	2314	22610	CRESPO GOMEZ, CARLOS	MODERACIÓN DA MESAS REDONDAS CELEBRADAS O 12 E 13 DE XUÑO DE 2024 NO MARCO DE ""VILAGARCÍA. CIDADE DO LIBRO""
F/2024/5 026	110/24	19/06/20 24	682,85	160	210	MANEIRO CADILLO, RAMON	AVARÍA SANEAMENTO RUBIÁNS. TUBOS HORMIGÓN DE 40, CAMPANAS 80-60-600, AROS DE 80X50
F/2024/5 048	113-2024	28/06/20 24	834,90	334	22703	HENRIQUES DE OLIVEIRA, DANIELA	CASA CULTURAL O PIÑEIRIÑO ENERO 2024 A JUNIO 2024. SERVICIO DE LIMPIEZA DE 2 HORAS POR SEMANA. INCLUYE LIMPIEZA CRISTALE
		TOTAL:	55.260,70				

SEGUNDO: Reintegro dos créditos sobrantes nos seguintes acordos, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución dos contratos en cuestión e informadas favorablemente polos órganos xestores responsables dos contratos:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	MODIFICACION
220240005455	AD	29/04/20 24	2024 22609	334 930	ADX. SUBMINISTRO DE ROSCAS PARA O CERTAME DOS MAIOS DO 2024	-15,49
220240005464	AD	29/04/20 24	2024 22799	2412 1920	ADX. SERVIZO DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DUN CURSO DE RESCATE EN RÍO, INUNDACIÓNS E CRECIDAS	-300

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:10 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.